



ACTA DA COMISIÓN DELEGADA DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS.

Santiago de Compostela – Decembro de 2019.

1. Constitución da comisión e apertura da sesión.

Sendo as 10:00 horas do día 2 de decembro de 2019, reúnese en sesión ordinaria a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas na Aula Magna do Mosteiro de San Martiño Pinario, en Santiago de Compostela.

Toma a palabra o Secretario da Comisión Delegada, D. Antonio Casas para facer lectura da resolución de convocatoria e da orde do día da reunión da Comisión Delegada.

No Diario Oficial de Galicia do mércores 23 de outubro de 2019, fíxose pública a Resolución do 15 de outubro de 2019, da Secretaría Xeral da Emigración, na que se fai pública a convocatoria e a orde do día da reunión da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas a celebrar en Santiago de Compostela o día 2 de decembro de 2019.

A orde do día da reunión da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, consta dos seguintes puntos:

- 1. Constitución da Comisión e apertura da sesión.**
- 2. Aprobación da acta da reunión extraordinaria da Comisión Delegada do 5 e do 6 de abril de 2019.**
- 3. Avance do desenvolvemento da orde do día do XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas.**
- 4. Rogos e preguntas.**
- 5. Clausura da reunión.**

A continuación presenta a todos os representantes que compoñen a Comisión Delegada e nomea ó persoal da Secretaría Xeral da Emigración que asiste á dita reunión de traballo.

COMO PRESIDENTE DA COMISIÓN DELEGADA DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS:

- D. Antonio Rodríguez Miranda, secretario xeral da Emigración.

COMO SECRETARIO DA COMISIÓN DELEGADA DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS:

- D. Antonio Casas Calviño, subdirector xeral da Emigración e das Comunidades Galegas.



COMO VOGAIS EN REPRESENTACIÓN DAS COMUNIDADES GALEGAS:

Da Area de España:

- D^a. Pilar Rodríguez Villar, en representación da Agrupación Fillos de Galicia en Sestao.
- D. Eduardo Méndez Gómez, en representación da Unión de Asociacións Galegas de Catalunya (UAGALCAT).
- D. José Antonio Otero Fernández, en representación do Lar Galego de Sevilla.
- D. José Ignacio Paz Bouza, en representación do Centro Galego de Salamanca.

Da Area de Europa:

- D. Álvaro Moreira Muíños, en representación de Xuventude de Galicia, Centro Galego de Lisboa.
- D. José Gil Doval, en representación da Asociación Cultural ASC – “As Xeitosiñas” Grupo de Baile e Banda de Gaitas de Zürich.
- D. Francisco José Álvarez Darriba, en representación do Centro Cultural Gallego de Cuxhaven e V.

Da Area de América:

- D. Eduardo Alonso González, en representación do Centro Pontevedrés Social y Deportivo de Montevideo.
- D. Sergio Manuel Toledo Bueno, en representación da Sociedade Cultural Rosalía de Castro de Cuba.
- D^a. Beatriz Carballo Regueira, en representación da Asociación Civil Hijos del Ayuntamiento de Zas en Bos Aires.

Como membros natos da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas:

- D. José Antonio Alejandro, en representación da Hermandad Galega de Venezuela.
- D. Alberto Walter Iglesias Rodríguez, en representación da Casa de Galicia en Montevideo.

Non asiste ningunha persoa en representación da Unidad Gallega de los Estados Unidos INC.

Asisten á reunión por invitación do presidente da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, os seguintes membros da Secretaría Xeral da Emigración:

- D. Rubén del Río Freire, xefe do Gabinete da Secretaría Xeral da Emigración.
- D. José Carlos García Bouzas, subdirector xeral de Xestión Económica, Administrativa e do Retorno.

Comprobado polo secretario da Comisión Delegada que existe quórum suficiente, da por constituída a reunión da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas en primeira convocatoria.

A continuación abórdase o segundo punto da orde do día:



2. Aprobación da acta da reunión extraordinaria da Comisión Delegada do 5 e do 6 de abril de 2019.

A continuación, sométese á aprobación a acta da reunión extraordinaria da Comisión Delegada celebrada en Santiago de Compostela, os días 5 e 6 de abril de 2019, unha vez esta foi comunicada a todos os presentes e así mesmo estivo transcrita na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración <http://emigración.xunta.gal>.

Antes de someter á votación a aprobación da acta anterior, pide a palabra D. José Ignacio Paz Bouza, en representación do Centro Galego de Salamanca, para indicar que debe recollerse na acta do día 5 e 6 de abril de 2019, que él non puido asistir á dita reunión e que excusou a súa asistencia.

Pide a palabra D. José Antonio Otero Fernández, en representación do Lar Galego de Sevilla, para indicar que hai un erro no nome do representante da súa entidade na reunión do 5 e 6 de abril de 2019, xa que quen asistiu á dita reunión foi o seu pai, D. Alfredo Otero García, e non él. Pide que se subsane ese erro.

Feitas estas apreciacións a Acta da reunión extraordinaria da Comisión Delegada celebrada en Santiago de Compostela os días 5 e 6 de abril de 2019 é aprobada por unanimidade dos membros da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

A continuación toma a palabra D. Antonio Rodríguez Miranda, presidente da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas para, tras dar a benvinda a todos os presentes, indicar que o sábado día 30 de novembro, faleceu a nai do Presidente do Parlamento de Galicia e que hai interés, por parte de todos os membros da presente Comisión Delegada en trasladarlle formalmente o pésame a través dunha carta firmada por todos.

Procédese á firma da citada carta de pésame.

A continuación abórdase o seguinte punto da orde do día.

3. Avance do desenvolvemento da orde do día do XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

O Presidente da Comisión Delegada toma a palabra para facer unha explicación da programación e das sesións de traballo que se realizarán durante os dous próximos días no seo da reunión do XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

Fai un avance do que vai consistir o Acto de Apertura da reunión do XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas, en San Domingos de Bonaval, así como das sesións de traballo no seo de cada relatorio e do proceso electoral para elixir aos novos membros da Comisión Delegada encargados de representar ás Comunidades Galegas nos vindeiros tres anos. Tamén fai referencia ao solemne acto de clausura que terá lugar o mércores día 4 de decembro na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

Unha vez feito o avance de como se vai a desenvolver a reunión do XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas, e antes de abordar o seguinte punto da orde do día, D. Antonio Rodríguez Miranda, pide que se recolla en acta o agradecemento expreso ao traballo realizado pola presente Comisión Delegada do Consello de Comunidades que foi elixida na Cidade da Habana no ano 2016 e que no día de mañá rematará o seu mandato coa elección dos novos membros representantes.

Unha vez rematada a súa intervención, abórdase o seguinte punto da orde do día.



4. Rogos e preguntas.

1º. Intervén D. Alberto Walter Iglesias Rodríguez, en representación da Casa de Galicia en Montevideo.

Plantea a posibilidade de máis participación nas decisións referentes aos plans de axudas á emigración de Galicia e para iso propón que se poida levar a cabo un intercambio de ideas y propostas nesa dirección.

Así mesmo, propón habilitar un sistema de valixa diplomática para o envío de instrumentos musicais ás entidades que abaratarían o seu custe e permitirían ás entidades adquirir máis facilmente este instrumentos tan necesarios para o fomento da cultura galega.

2º. Intervén D. Sergio Manuel Toledo Bueno, en representación da Sociedade Cultural Rosalía de Castro de Cuba.

Fai un recoñecemento á Xunta de Galicia e, en particular á Secretaría Xeral da Emigración, do gran traballo que están a realizar en prol da emigración galega.

3º. Intervén D^a. Beatriz Carballo Regueira, en representación da Asociación Civil Hijos del Ayuntamiento de Zas en Bos Aires.

Agradece o traballo dos membros da presente Comisión Delegada e da Secretaría Xeral da Emigración.

Indica que desde Bos Aires se insiste moito coa “*xeneración visagra*”, e tamén coa realidade actual, co “*aquí e agora*”, porque a realidade é que polo de agora, a xuventude que hai non é suficiente nas entidades.

Manifesta que o Pleno que se vai celebrar no día de mañá é un pleno particular para a xente de Arxentina porque para moitos vai ser a súa primeira participación nun Pleno do Consello de Comunidades Galegas e polo tanto foi agora a súa primeira toma de contacto co sistema de voto ponderado para a elección dos novos membros da Comisión Delegada, e plantea que varias entidades mostraron o seu desacordo con este sistema de voto ponderado.

4º. Intervén D. Eduardo Alonso González, en representación do Centro Pontevedrés Social y Deportivo de Montevideo.

Plantea que se fomente a participación da mocidade nas entidades galegas do exterior, cousa que ata o de agora non se fixo moito nese sentido por parte das propias entidades.

Manifesta que se debería agradecer aos países que lles abriron as portas a todos os emigrantes galegos repartidos polo todo o Mundo.

5º. Intervén D. José Antonio Otero Fernández, en representación do Lar Galego de Sevilla.

En primeiro lugar, manifesta o seu recoñecemento ao traballo realizado pola Secretaría Xeral da Emigración e ao personal que a integra.



En segundo lugar refírese á axenda propia das Entidades de Andalucía indicando a idea de potenciar a colaboración e a cooperación, tanto a nivel de entre iguais como a nivel da Federación de Centros Galegos en Andalucía, Extremadura e Ceuta. Manifesta tamén que se iniciou unha relación de cooperación e colaboración importante coa Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago, que en Andalucía ten unha importante rede de colaboración para o fomento do Camiño de Santiago, sobre todo entre a xuventude.

E por último plantea facer unha reflexión sobre o papel futuro da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas no ámbito da súa capacidade directiva que ven establecida polo actual marco legal.

6º. Intervén D. José Gil Doval, en representación da Asociación Cultural ASC – “As Xeitosiñas” Grupo de Baile e Banda de Gaitas de Zürich.

Comenza agradecendo a labor dos actuais membros da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas porque foi para él unha experiencia nova dende fai catro anos e da cal se sente moi orgulloso. Continúa agradecendo a labor da Secretaría Xeral da Emigración e estende o agradecemento pola concesión da Medalla do Parlamento de Galicia á Emigración galega e especialmente ao seu Presidente, que viaxou ata Asociación Cultural ASC – “As Xeitosiñas” Grupo de Baile e Banda de Gaitas de Zürich para presentala entre os socios da entidade e que mantivo reunións coa mocidade de alí.

Solicita que se poidan facer charlas informativas sobre o retorno nos centros galegos de Suíza para orientar a todas aquelas persoas que teñan pensado volver a Galicia, e sobre todo que se oriente sobre temas de impostos unha vez se retorne a Galicia. A problemática dos tipos impositivos ás rentas das persoas emigrantes en Suíza é un tema que considera fundamental e do que xa ven deixando constancia nas anteriores reunións da Comisión Delegada e que preocupa a moita xente.

Rematada intervención de D. José Gil Doval, toma a palabra D. Antonio Rodríguez Miranda para dar resposta conxunta a todas as cuestións plantexadas ata o momento.

Indica que a Secretaría Xeral da Emigración está disposta a reforzar o papel da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas para ir adaptándoa aos novos tempos, tanto se é dentro da normativa existente coma se é preciso facer unha modificación desta normativa, se poida facer, porque as normas non son inamovibles.

Indica que a Secretaría Xeral da Emigración está aberta a facilitar o envío de material instrumental ás entidades galegas do exterior e así o ven facendo con aqueles centros que o solicitan. Pero advirte que a Secretaría Xeral da Emigración non ten un sistema propio de valixa diplomática como pode ter o Estado.

En canto ao criterio de ponderación do voto que apuntaba D. Beatriz Carballo Regueira, o secretario xeral da Emigración explica o sistema que está recollido na normativa en materia de emigración e que xa foi aplicado para a elección da presente Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

En canto ao apuntado por D. José Antonio Otero Fernández, en representación do Lar Gallego de Sevilla, agradecerlle expresamente o gran traballo que o Lar está a facer dentro da Federación de Centros Galegos en Andalucía, Extremadura e Ceuta, e que sen esa labor, a federación non sería o que é actualmente. Tamén quere salientar o gran traballo que dende o Lar Gallego de Sevilla se está a facer en temas colaborativos e de cooperación con outras entidades. Un traballo do que outras entidades deben tomar exemplo.



En canto ao apuntado por D. Xosé Gil Doval, en canto a formación en materia de retorno nos países de orixe, o secretario xeral da Emigración sinala que se está traballando en iso e que proximamente se establecerá un sistema de formación en materia tributaria para aqueles emigrantes que queiran retornar a Galicia.

7º. Intervén D. Nicolás Miño, en representación do Centro Galego de Londres.

Comenza a súa intervención agradecendo o traballo realizado polo persoal da Secretaría Xeral da Emigración.

A continuación plantea que se reflexione sobre a nova emigración que está a chegar a países de Europa como Reino Unido. Esta xente é xente nova que ven cunhas ideas diferentes á emigración que había de antes. Na maior parte dos casos é xente que ven exixindo moito e aportando pouco. Para él estas persoas son traballadores, non emigrantes no sentido propio da palabra. Manifesta o seu malestar con este problema e co pouco respecto que esta nova emigración ten das persoas que xa estaban alí de antes.

8º. Intervén D. Eduardo Méndez Gómez, en representación da Unión de Asociacións Galegas de Catalunya (UAGALCAT).

Comenza a súa intervención indicando que últimamente por parte da Xunta de Galicia se lles está ignorando bastante á hora de acudir a actos organizados alí e sobre todo tamén no referente ao tema independentista en Cataluña. Considera que non teñen o apoio necesario neste sentido por parte das autoridades de Galicia.

Manifesta tamén o seu agradecemento ao persoal da Secretaría Xeral da Emigración polo seu traballo en prol da emigración galega.

9º. Intervén D. Francisco José Álvarez Darriba, en representación do Centro Cultural Gallego de Cuxhaven e V.

Agradece ao resto de membros da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas o bo recibimento co que o acolleron dende o momento que accedeu á presidencia do Centro Cultural Gallego de Cuxhaven e V, agradecemento que estende tamen á Secretaría Xeral da Emigración.

No referente a nova emigración en Europa di que existe un problema neste sentido porque emigrantes de antes xa non quedan moitos. A xente nova que chega agora é para traballar.

10º. Intervén D. José Ignacio Paz Bouza, en representación do Centro Galego de Salamanca.

Diríxese a todos os presentes indicando que quere rachar co sentimento de despedida que ao seu parecer se está a reflexar na presente reunión. Non debe ser unha despedida, xa que no caso de que algún dos integrantes actuais non saia elixido como membro da próxima Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas seguirá vinculado á emigración e traballando para a xente emigrante.

Agradece o traballo feito pola Secretaría Xeral da Emigración e polo persoal que a integra.

Así mesmo, manifesta que, en referencia ao apuntado por outro membro da Comisión Delegada, hai que ser realistas e conscientes de que a propia Comisión é un órgano consultivo sen poder decisorio. As decisións son da Administración que é quen ten esa potestade. Iso é o que determina a lei e todos temos que ser conscientes diso.



Indica que sería bo que no Plenario do día de mañá se faga un recoñecemento a D. Xerardo Fernández Albor, expresidente da Xunta de Galicia e que recentemente faleceu. Así como tamén manifesta o seu pesar polo falecemento de D. Federico Pomar, persoa que durante o tempo que tivo competencias na materia estivo moi implicado no traballo da Secretaría Xeral da Emigración.

11º. Intervén D^a. M^a. Pilar Rodríguez Villar, en representación da Agrupación Fillos de Galicia en Sestao.

Na súa intervención manifesta o seu interese polo novo programa informático para a xestión das entidades galegas e que dende a súa entidade xa o viñan pedindo dende 2009, e que agora agradece que sexa unha realidade.

12º. Intervén D. Álvaro Moreira Muíños, presidente de Xuventude de Galicia, Centro Galego de Lisboa.

Agradece o traballo realizado pola Secretaría Xeral da Emigración e tamén a todos os membros da presente Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas e que mañá remata o seu mandato.

Salienta que hai que debatir sobre o futuro das entidades galegas no exterior porque a súa función xa non é a mesma que no pasado.

13º. Intervén D. José Antonio Alejandro, en representación da Hermandad Galega de Venezuela.

Comenza a súa intervención transmitindo unha forte aperta de D. Roberto González, anterior presidente da Hermandad Galega de Venezuela e membro da Comisión Delegada.

Continúa dicindo que hai que por en relevancia o papel da mocidade nas entidades galegas. Pon de exemplo o “Comité Xuvenil” co que contan na súa entidade e manifesta que o Día da Galicia Exterior que se celebrará no ano que ven ten que ser un bo escaparate para a xuventude. Hai que darlles responsabilidades para que se sintan útiles e xurda neles o interese por implicarse nas entidades.

Apunta a posibilidade de realizar un encontro mundial da xuventude de todos os centros galegos no Mundo para que a mocidade se sinta valorada e implicada co sentir da emigración galega.

Rematada a intervención de D. José Antonio Alejandro, toma a palabra D. Antonio Rodríguez Miranda, para indicar que vai tratar de contestar aqueles temas máis relevantes das últimas intervencións.

Manifesta o apoio ao sentimento exposto por D. Nicolás Miño coa nova emigración.

En canto ao manifestado por D. Eduardo Méndez Gómez de non sentir o apoio da Xunta de Galicia, di que respeta o seu sentir pero que non o comparte. Recórdalle que fai un ano a Comisión Delegada se reuniu en Barcelona como xesto de apoio e que non o fixo en ningún outro lugar de España, incluso coa presenza do Presidente da Xunta de Galicia, por poñer un só exemplo, aínda que podería enumerar a todas as persoas das entidades galegas en Cataluña que foron recibidas en audiencia na sede da Secretaría Xeral da Emigración.



Indícalle a todos os presentes que unha vez rematada esta reunión de traballo se vai a facer unha visita da Comisión Delegada á Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno de Santiago de Compostela.

Sendo as 12:35 horas, e non habendo máis cuestións a tratar, D. Antonio Rodríguez Miranda, presidente da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, procede a clausurar a reunión do día 2 de decembro de 2019.

O Presidente

Antonio Rodríguez Miranda

O Secretario

Antonio Casas Calviño